

## Carta aos lectores

**A** sociedade internacional vive un momento pletórico de convulsións. Á guerra contra Iraq, rápida e contundente, sucede unha posguerra abundosa en complicacións que han dificultar os plans de Washington para a rexión. Ninguén, salvo Israel, vai aceptar de bo grado a presenza norteamericana, pero o control dos recursos enerxéticos iraquís sitúa a hiperpotencia nunha posición internacional fortalecida, con capacidade crecente para influír tanto nos destinos da OPEP como no futuro político de Siria e outros países da rexión. Sylvia Gómez e Breogán Ouviaña analizan a guerra e as consecuencias para Europa como política e como proxecto, sometido ademais á tensión do alargamento, neste número abordado dende a particular perspectiva do caso polaco (Xosé Manuel Figueiras).

Noutro plano, a emerxencia da pneumonía asiática introduce en escena un factor co que ninguén contaba á hora de avaliar un dos mellores momentos da longa transición chinesa. En Beijing medra a preocupación polas consecuencias económicas, sociais e políticas desta epidemia que ameaza con estenderse por todo o mundo. Máis alá da dimensión científica do problema, representa toda unha lección para os dirixentes chineses. Cómpre “camiñar con dúas pernas”, como sinalaba o vello slogan maoísta. Non se pode avanzar nos logros económicos, descoidando o impulso social; como non se poden negar as consecuencias no plano político das grandes transformacións operadas nas dúas últimas décadas.

Pero este número de *Tempo Exterior* centrámolo esencialmente no ferveiro de ideas e políticas en que se converteu América Latina. Despois de décadas perdidas (Laudelino Pellitero), a esperanza emerxe de novo e con toda nitidez en Brasil (Ricardo Antunes), con claroscuros en Venezuela e Ecuador (Roberto Mansilla e Felipe Burbano), sen deixar de lado as experiencias recentes de cambios máis ou menos profundos na orde económica, como o caso de México (Luciano Concheiro e María Tarrío), ou en Arxentina (Alberto Arce) cun balance escasamente optimista. Ramón Lugerís aporta unha visión histórica do populismo do Perú de Alvarado; e Paulo de Almeida contextualiza rexionalmente as expectativas de futuro, a partir dun instrumento, o Mercosur, no que tantos confían. Pero a visión quedaría incompleta sen unha mención a Cuba (Darío L. Machado Rodríguez), o faro que durante décadas alumeou as expectativas de cambio en América Latina e que hoxe, sen embargo, semella ser vítima dunha época que non é quen de abandonar e que acelera o seu illamento continental e internacional.

Chegamos así ao terceiro ano desta nova andaina do *Tempo Exterior*, reconfortados polo acerto da súa transformación nunha auténtica revista de estudos internacionais que está a servir de referencia, en Galicia e fóra dela, pola calidade dos seus colaboradores e propostas. É un espello máis do facer do Igadi que, a esa ausencia sentida de Lois Tobío, referencia inesquencible na nosa acción e no pensamento, suma novos proxectos (Foros Bilaterais) que deben contribuír ao estímulo

*das preocupacións exteriores da nosa sociedade. Ese empeño, tan querido de Tobío, o diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo, ten hoxe continuidade asegurada polas complicidades múltiples e de diverso tipo que concita este proxecto. Seremos fieis ao seu exemplo.*

*O director.*